

**35 adegas seguen vendimando na D.O. Ribeira Sacra cando levan colleito
3.496.411 quilos**

Ás portas da última fin de semana de setembro, das 93 adegas acollidas á Denominación que vendiman nesta campaña, 58 xa completaron os traballos, **35 adegas están vendimando e non queda ningunha adega por comezar**, cando o ano pasado a 30 de setembro aínda había adegas por comezar coa vendima na D.O.

A data 24 de setembro levan colleitos **3.496.411 quilos**, que por variedades distribúense do seguinte modo:

Variedades tintas

- **Mencia 2.809.318 quilos**
- Garnacha 82.783 quilos
- Merenzao 51.022 quilos
- Caíño 26.432 quilos
- Brancellao 25.461 quilos
- Sousón 24.976 quilos
- Tempranillo 19.497 quilos
- Mouratón 3.365 quilos
- Grao Negro 50 quilos

Variedades brancas

- **Godello 338.708 quilos**
- Albariño 62.789 quilos
- Treixadura 35.514 quilos
- Dona Branca 6.653 quilos
- Branco Lexítimo 4.272 quilos
- Torrontés 3.060 quilos
- Loureira 2.511 quilos

Ademais da prevista diminución da colleita desta campaña, a uva ten un **estado sanitario óptimo** e os traballos séguense desenvolvendo con todas as medidas necesarias para a prevención da Covid19.